

O FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

LUIS CARAMÉS VIÉITEZ

Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 27 Xuño 1996

Aceptado: 10 Xullo 1996

Resumo: O sistema de financiamento autonómico foi evolucionando a modo de "proba e erro", reaxustándose á vista dos problemas que foron xurdindo e tratando sempre de respecta-los principios constitucionais de autonomía e solidariedade. Catro son os períodos que se viviron ata agora, abríndose un novo como consecuencia do pacto entre o novo goberno de Madrid e Convergencia i Unió.

Palabras Clave: Financiamento autonómico; Endebedamento; Custo efectivo; Fondo de compensación.

AUTONOMY FINANCING

Summary: The autonomy financing system has been evolving by way of "trial and error", being readjusted according to the problems arisen and always attempting to be respectful with the constitutional principles of autonomy and solidarity. There have been four periods and a new one has just started as consequence of the accord between the government of Madrid and Convergencia i Unió.

Keywords: Autonomous financing; Indebtedness; Real cost; Equalisation fund.

ETAPAS DO PROCESO DE FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

1984-1986

O Estado garantía o financiamento das transferencias ás CC.AA. de acordo co "custo efectivo". Ese custo incluía custos directos e indirectos de persoal e funcionamento, gastos de investimento, melloras e reposición do capital asociado ós servizos transferidos. Deste financiamento había que desconta-los ingresos derivados das taxas adscritas a eses servizos. Con este sistema quedaba excluído o financiamento do investimento novo, que se lle encomendaba ó Fondo de Compensación Interterritorial (FCI). Esta solución levou a certos prexuízos para as CC.AA. con maiores déficits iniciais.

O FCI tiña asignada unha dobre misión: promove-lo equilibrio dos niveis de renda per cápita das distintas CC.AA. e financia-lo investimento novo asociado ás competencias transferidas. Ámbolos dous obxectivos tiñan unha dubidosa relación entre eles e permanecerían vinculados ata 1990. As variables e ponderacións do FCI eran:

| <i>Variables</i> | <i>Ponderacións</i> |
|------------------|---------------------|
| Renda per cápita | 70 |
| Saldo migratorio | 20 |
| Paro | 5 |
| Superficie | 5 |

Como consecuencia desta dobre misión, o FCI non cumpría ben con ningunha das dúas.

A transferencia de financiamento, a través da participación nos ingresos do Estado (PPI), obtíñase deducindo do devandito custo efectivo a recadación dos impostos que o Estado lle cedera á Comunidade Autónoma. Segundo esta fórmula, as variacións na recadación dos tributos cedidos eran compensados pola PPI, eliminando os incentivos á xestión efectiva deses tributos. Este defecto corrixiuse no período seguinte.

¿Cal foi o problema fundamental nestes inicios do financiamento autonómico? O problema consistía en ligar ese financiamento ó custo de prestación dos servizos que o Estado subministraba, consolidando as desigualdades rexionais. Esta situación poderíase ter visto mitigada se se puxeran en vigor uns fondos de nivelación, previstos na lei, para asegurar un nivel mínimo de provisión de servizos públicos fundamentais en tódalas CC.AA. Isto non se fixo, entre outras cousas, polas dificultades inherentes á definición de necesidades e servizos básicos, así como á cuantificación do seu custo de provisión. Este é un problema que vén arrastrando o sistema ata a actualidade e ten bastante que ver coa evolución do *endebedamento autonómico*.

1987-1991

Substitúese o método do custo efectivo polo reparto dun montante global, en función de variables xeodemográficas e redistributivas. Variables xeodemográficas: poboación, superficie, insularidade, número de unidades administrativas. Variables redistributivas: riqueza relativa e esforzo fiscal. Ademais, pasouse o 25% do FCI ó financiamento autonómico incondicionado, aumentándose así a autonomía de gasto das CC.AA.

Tamén se produciu un cambio nos impostos cedidos, debido á implantación do IVE. Suprimíuse o Imposto de luxo recadado en destino, ó igual que algúns elementos do Imposto sobre transmisións patrimoniais, cedéndose o Imposto sobre actos xurídicos documentados para compensar a redución de ingresos.

O cambio máis importante neste período foi o novo sistema de reparto, que se recolle no cadro 1. Como consecuencia da súa aplicación reducíronse as diferenzas de financiamento por cápita das distintas CC.AA. con iguais transferencias.

Cadro 1.- Ponderación das variables no FFF (Financiamento Fóra Fondo). Quinquenio 1987-91

| | <i>Competencias comúns</i> | <i>Competencias educación</i> | <i>Total ámbalas dúas</i> |
|----------------------------------|--------------------------------|-----------------------------------|-------------------------------|
| <i>Variables xeodemográficas</i> | | | |
| Poboación | 59,00 | 84,40 | 73,70 |
| Superficie | 16,00 | 15,00 | 15,40 |
| Insularidade | 0,70 | 3,10 | 2,00 |
| Unidades administrativas | — | — | 10,10 |
| Termo residual | 24,30 | -2,50 | -1,20 |
| <i>Variables redistributivas</i> | | | |
| Riqueza relativa | 4,20 | 0,40 | 1,90 |
| Esforzo fiscal | 5,00 | 1,70 | 3,00 |

1992-1996

Neste período engadiuse ás variables xeodemográficas a dispersión da poboación. As novas ponderacións recóllense no cadro 2. Foi moi criticada a diferenza de ponderación

entre entre as CC.AA do artigo 143 (menos competencias) e as do artigo 151 (máis competencias). A maior ponderación dada á variable poboación nas CC.AA. do 151 é consecuencia da opinión maioritaria que coincide na necesidade de aproximarse cara á *igualación do financiamento per cápita* para CC.AA. coas mesmas competencias.

O sistema de ponderacións é bastante arbitrario, xa que non está baseado en ningún criterio de equidade nin en ningún estudo de custos relativos de prestación de servizos.

Cadro 2.- Ponderación das variables no FFF. Quinquenio 1987-91

| | <i>Comunidades artigo 143</i> | <i>Comunidades artigo 151</i> |
|----------------------------------|-----------------------------------|-----------------------------------|
| <i>Variables xeodemográficas</i> | | |
| Poboación | 64,00 | 94,00 |
| Superficie | 16,60 | 3,50 |
| Insularidade | 2,00 | 0,60 |
| Unidades administrativas | 0,4 | 1,5 |
| Termo residual | 17,00 | 0,40 |
| <i>Variables redistributivas</i> | | |
| Riqueza relativa | 2,70 | 2,70 |
| Esfuerzo fiscal | 1,80 | 1,80 |

O ACORDO DE 1993: A CORRESPONSABILIDADE FISCAL

O acordo perseguía equilibra-la autonomía das CC.AA., demasiado concentrada do lado do gasto. Así, ó asumi-lo custo político de esixir tributos, esperábase que os gobernos autonómicos foran máis restrictivos no gasto e, polo tanto, no endebedamento.

En 1993 acórdase cede-lo 15% da recadación en cada territorio do Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), á vez que se reducía nunha contía similar o PPI, co obxecto de non incrementa-la presión fiscal global. Trátase, evidentemente, dunha corresponsabilidade fiscal *débil*. Os mellores ou peores resultados para cada Comunidade Autónoma dependerán das diferencias entre recadación efectiva e recadación potencial. A recadación potencial calculouse tomando como base a recadación real do ano 1990. Logo esa recadación faise evolucionar de acordo cun índice derivado do ITAE (Ingresos tributarios do Estado axustados estruturalmente). O ITAE é a suma de: a) a recadación estatal por impostos directos e indirectos, excluídos os tributos susceptibles de cesión ás CC.AA. e os recursos que constitúen ingresos da UE; b) a recadación por cotizacións á Seguridade Social; c) a recadación por cotización ó desemprego.

Esta vinculación concédelles demasiada importancia ás circunstancias conxunturais do ano elixido como base. Ademais, a recadación potencial, en lugar de ir ligada ós movementos da renda rexional, móvese de acordo co índice que prevaleza para o ITAE. Por outra parte, é obvia a existencia de distintos niveis de fraude fiscal nas CC.AA.

No cadro 3 recóllense os resultados da aplicación do 15% á cota líquida do IRPF (Galicia, Castela-León e Estremadura recorreron o sistema perante o Tribunal Constitucional). Cantabria e Asturias, que parten en 1990 dunha recadación real comparativamente elevada —xa que teñen un alto grao de cumprimento fiscal—, dan un valor negativo para a diferenza entre recadación normativa e recadación real. De tódolos xeitos,

tablecéronse regras de garantía para que ningunha Comunidade Autónoma perda recursos.

Pero non só se trata dunha corresponsabilidade fiscal débil. Hai tamén outros problemas: diferencias interrexionais na fraude fiscal, influída esta pola propia estrutura económica e empresarial de cada Comunidade Autónoma. Ademais, a posibilidade de facer previsións sobre os efectos —favorables ou non— da cesión do 15% son dúbidasas, xa que non se pode extrapolar sen máis as taxas de crecemento dos últimos anos. En efecto, a recadación do IRPF depende fundamentalmente da configuración do imposto —que adoita cambiar con certa frecuencia (tipos, deducións, indiciación, etc.)— e da evolución do PIB. Esa inestabilidade impide a realización de previsións fiables.

Cadro 3.- Resultados da participación do 15% do IRPF en 1994

| <i>Comunidades Autónomas</i> | <i>Recadación real- -Recadación normativa</i> |
|------------------------------|---|
| A Rioxa | -66,3 |
| Andalucía | 266,8 |
| Aragón | 310,2 |
| Asturias | -159,8 |
| Baleares | 19,5 |
| Canarias | 1.397,7 |
| Cantabria | -135,7 |
| Castela-A Mancha | 68,6 |
| Castela-León | — |
| Cataluña | 11.471,5 |
| Comunidade Valenciana | 4.812,9 |
| Extremadura | — |
| Galicia | — |
| Madrid | 550,3 |
| Murcia | 531,4 |

FONTE: Elaboración propia, con datos da DGCHT.

Por último, pero non o menos importante —xa que se acostuma simplificar demasiado—, dada unha taxa de crecemento do PIB español, a posibilidade dunha evolución diferente da recadación do IRPF nas distintas CC.AA. depende dos cambios na distribución da renda en cada Comunidade Autónoma, do nivel da renda per cápita en cada unha e do diferente crecemento desa renda.

Non debe esquecerse tampouco que se seleccionou un instrumento que descansa sobre unha variable —a cota líquida do IRPF— na que as CC.AA. son moi desiguais entre elas.

Algúns expertos propuxeron superar esta situación da seguinte maneira: cederlles ás CC.AA. parte dos rendementos de certos impostos sobre o consumo (impostos especiais e o IVE, fase minorista) e crear un tipo autonómico na tarifa do IRPF, definindo unha participación nos rendementos do imposto sobre a base imponible e non sobre a cota (isto último, ó excluír capacidade normativa das CC.AA. sobre as deducións na cota, limitaría a potencial competencia fiscal entre territorios).

O DEBATE ACTUAL

Trala mediocre experiencia anterior, o Partido Popular —hoxe no goberno de Madrid— fixo un pacto con Convergencia i Unió e, dentro dese acordo, deseñouse un novo sistema. Lamentablemente, ata a actualidade non foi posible acceder a el. Do publicado na prensa dedúcese que: a) se quere afondar na corresponsabilidade fiscal; b) se elixiu tamén o IRPF; c) se lles cederá ás CC.AA. o 30% da recadación territorializada; d) se elixe a base imponible en lugar da cota líquida; e) non existirán topes ou limitacións a esa recadación e f) se dota ás CCAA. de capacidade normativa.

O gran debate actual —sempre sobre as áreas movedizas da desinformación— céntrase en se ese sistema *prexudica moito, pouco ou nada ás CC.AA. menos desenvolvidas, entre as que se atopa Galicia*. As reticencias aumentan porque non se dixo nada dende o goberno central sobre os fondos de nivelación ou, o que é o mesmo, cómo se trata a solidariedade no novo sistema. A cesión do 30% nas condicións coñecidas, ¿supón un nesgo a favor das CC.AA. con maior renda per cápita? Os opositores a esa cesión sosteñen que as CC.AA. máis ricas non só recadan máis, senón que esa recadación tenderá a medrar máis ó alcanzarse maiores niveis de renda, xa que o IRPF é progresivo. Os partidarios sosteñen que o importante é o crecemento da recadación dende o ano base.

En efecto, respecto ás perspectivas de crecemento da recadación, hai que considerar na análise o crecemento do Valor engadido bruto (VEB) rexional e a forma na que a estrutura do imposto traslada o crecemento do VEB a un certo crecemento da recadación. Non existe evidencia de que sexan as CC.AA. máis ricas as que medran máis. E tamén é posible que, dándose dúas CC.AA. coa mesma taxa de crecemento do PIB, sexa a Comunidade Autónoma máis pobre a que vexa aumentada a súa recadación a unha maior taxa, dadas as características e o tipo de progresividade do IRPF. Existen traballos econométricos que parecen avalar esta hipótese. Por último, a fixación dunha recadación normativa anormalmente baixa ou anormalmente alta no ano base pode constituír un elemento importante do beneficio ou prexuízo para algunhas CC.AA.

OUTRAS CUESTIÓN DO FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

Imos facer un repaso crítico dos restantes elementos que conforman o sistema de financiamento autonómico. Comezaremos polos *tributos cedidos* (cadro 4).

A normativa dos tributos que a facenda central lles cedeu ás CC.AA. segue sendo de competencia estatal. As CC.AA. as xestionan e a elas lles corresponde a recadación. Os tributos cedidos foron: Patrimonio, Sucesións, Luxo, Transmisións patrimoniais e Taxas sobre o xogo. En 1988 cedeuse tamén o Imposto sobre actos xurídicos documentados, para compensa-la supresión do de luxo, trala introducción do IVE. A marxe de manobra que teñen as CC.AA. respecto a estes tributos redúcese a conseguir melloras na xestión e a loitar contra a fraude.

En canto ós *tributos propios* (cadro 5), hai que dicir que alcanzaron unha dimensión máis ben simbólica, a pesar de constituí-la máis xenuína expresión da autonomía fiscal.

Un tributo propio debe reuni-las seguintes condicións: a) que non incorra en dobre imposición, é dicir, non pode gravar feitos impositivos xa suxeitos a gravame pola facenda central; b) que non sexa exportable fóra do territorio da Comunidade Autónoma; c) que non rompa a unidade de mercado. É fácil comprender que, cumprindo estas condicións, a marxe de que dispoñen as CC.AA. para estableceren tributos propios é mínima (sen embargo, hai unha sentenza do Tribunal Constitucional que suaviza a condición a)). Exemplos de tributos propios son o canon de saneamento de augas, o imposto sobre terras infrutilizadas, o imposto sobre o xogo do bingo, os impostos ambientais, etc. A partir de 1991 o peso do financiamento propio céntrase nos impostos ambientais.

Cadro 4.- Recadación real de tributos cedidos polos principais conceptos tributarios, 1993 (millóns de pesetas)

| Comunidades Autónomas | Sucesións | Patrimonio | Transmisións patrimoniais | Actos xurídicos documentados | Xogo |
|-----------------------|-----------|------------|---------------------------|------------------------------|---------|
| A Ríoxa | 1.238 | 736 | 1.500 | 1.560 | 1.372 |
| Andalucía | 9.170 | 6.529 | 31.928 | 21.475 | 32.815 |
| Aragón | 2.977 | 2.705 | 6.421 | 6.151 | 7.975 |
| Asturias | 2.759 | 1.573 | 3.901 | 4.275 | 4.491 |
| Baleares | 2.378 | 2.414 | 6.525 | 4.194 | — |
| Canarias | 1.539 | 2.379 | 8.957 | 3.910 | 11.122 |
| Cantabria | 2.265 | 995 | 2.482 | 2.798 | — |
| Castela-A Mancha | 2.272 | 1.110 | 5.946 | 5.865 | 4.497 |
| Castela-León | 4.573 | 2.946 | 9.406 | 8.635 | 11.506 |
| Cataluña | 25.432 | 26.939 | 43.701 | 46.193 | 31.934 |
| Comunidade Valenciana | 7.320 | 8.117 | 21.036 | 19.651 | 26.638 |
| Estremadura | 1.144 | 440 | 2.928 | 2.093 | 3.362 |
| Galicia | 4.642 | 3.341 | 8.357 | 9.055 | 10.536 |
| Madrid | 18.700 | — | 57.945 | — | — |
| Murcia | 891 | 1.097 | 4.502 | 4.305 | 3.551 |
| Total | 87.300 | 61.321 | 215.535 | 140.160 | 149.799 |

Cadro 5.- Orixe da recadación por impostos propios en 1991-1993 (millóns de pesetas)

| | 1991 | 1992 | 1993 |
|---|--------|--------|--------|
| Impostos sobre o xogo do bingo | 16.605 | 18.082 | 17.146 |
| Impostos sobre terreos infrutilizados | 0 | 0 | 0 |
| Imposto sobre combustibles derivados do petróleo (Canarias) | 20.037 | 26.787 | 26.707 |
| Impostos ambientais | 0 | 21.429 | 30.657 |
| Outros impostos | 8.072 | 295 | 263 |
| Total | 44.714 | 66.593 | 74.773 |

A lei permite que as CC.AA. establezan *recargos* sobre os tributos cedidos ou sobre o IRPF. Isto supón capacidade normativa sobre o tipo de gravame, á vez que abre a posibilidade de actuar sobre un imposto de gran potencial recadatorio, como é o IRPF. A maior parte das CC.AA. estableceron recargos sobre as taxas do xogo, obxecto pouco probable de resistencia fiscal.

Polo que respecta ó recargo sobre o IRPF, foi experimentado pola Comunidade Autónoma de Madrid, provocando o rexeitamento social e a presentación dun recurso de in-

constitucionalidade. O Tribunal Constitucional resolveu a favor da legalidade do recargo, pero o tributo estaba xa "morto". Ademais, a súa implantación supón un custo político que os responsables das CC.AA. non parecen dispostos a afrontar, malia que, ó noso entender, sería unha moi boa solución.

O *Fondo de Compensación Interterritorial* (FCI) (cadro 6), ó que xa nos referimos, foi asumindo unha importancia decrecente a medida que unha parte dos seus recursos ían sendo traspasados cara ó financiamento incondicionado e as CC.AA. máis ricas quedaban excluídas de participar nel. Sen embargo, segue sendo importante o seu papel para as CC.AA. menos desenvolvidas. A súa función redistribuidora desdebuxouse no período 1987-1989, como consecuencia do comportamento da variable "emigración" (comunidades como Cataluña e o País Vasco presentaron altos valores positivos do saldo migratorio). Coa reforma de 1990 reduciuse o peso desa variable e fortaleceuse o correspondente á poboación e á renda per cápita. De todos modos, estableceuse unha "compensación transitoria" que seguiu beneficiando ás CC.AA. ricas ata 1992. É de esperar que a nova política de austeridade incida nunha menor dotación de recursos para o FCI.

Cadro 6.- Distribución do FCI por Comunidades Autónomas (millóns de pesetas correntes)

| <i>Comunidades Autónomas</i> | 1990 | 1991 | 1992 | 1993 | 1994 |
|------------------------------|------------|------------|------------|------------|------------|
| Andalucía | 47.542,40 | 51.675,80 | 51.114,30 | 50.810,00 | 49.998,30 |
| Asturias | 1.097,00 | 1.965,60 | 2.652,70 | 3.824,10 | 4.058,60 |
| Canarias | 9.958,70 | 10.093,70 | 7.628,30 | 5.099,70 | 5.183,30 |
| Cantabria | — | — | — | 1.291,00 | 1.233,00 |
| Castela-A Mancha | 11.525,90 | 12.327,90 | 12.325,60 | 11.121,90 | 10.904,10 |
| Castela-León | 7.971,90 | 8.257,70 | 9.541,00 | 11.496,80 | 12.610,10 |
| Comunidade Valenciana | 7.241,90 | 7.177,90 | 6.686,50 | 6.575,00 | 5.778,70 |
| Extremadura | 10.580,80 | 11.174,70 | 11.735,50 | 11.602,50 | 11.445,30 |
| Galicia | 19.445,80 | 21.331,60 | 22.130,20 | 23.505,20 | 24.073,40 |
| Murcia | 4.679,90 | 5.110,00 | 4.630,00 | 3.518,70 | 3.605,10 |
| Total | 120.044,30 | 129.114,90 | 128.444,10 | 128.844,90 | 128.889,90 |

Estableceuse tamén un principio de coordinación do FCI cos Fondos estruturais europeos, consagrándose a utilización do VEB por habitante como medida principal do grao de desenvolvemento. Os recursos que proporcionan os *Fondos europeos* (cadro 7) son maiores cós do FCI, desprazándose así o centro de gravidade da política de desenvolvemento rexional do FCI ós fondos estruturais.

No tocante á *porcentaxe de participación nos ingresos do Estado* (PPI) desenvolve un papel demasiado ambicioso e heteroxéneo. Por un lado, está destinado a asegurala *suficiencia*, utilizando a poboación como principal variable de reparto. Por outro, tamén se atende ás *necesidades* —déficit de infraestruturas e servizos sociais, así como diferenzas do custo de prestación de servizos respecto á media nacional— e a *obxectivos redistributivos*. Ademais, algunhas das variables utilizadas para a determinación do PPI, e que xa sinalamos anteriormente, non reflicten de modo adecuado os obxectivos marcados.

Vexamos agora un dos asuntos máis controvertidos: o *endebedamento* (cadro 8). A lei fixa varios límites que difiren segundo o tipo de operación. No curto prazo só se poderán

financia-las necesidades transitorias de tesourería. A prazos superiores a un ano só se poderá utiliza-la débeda para gastos de investimento, sempre que o importe total das anualidades de amortización e xuros non exceda do 25% dos ingresos correntes da Comunidade Autónoma. Ademais, o endebedamento debe coordinarse coa política de débeda do Estado e das outras CC.AA.

O proceso de endebedamento foi importante, sobre todo a partir de 1989. Este proceso conduciu a unha débeda per cápita media superior ás 50.000 pesetas en 1992, aínda que as diferencias entre CC.AA. son grandes. As taxas de crecemento anual chegaron ó 54,3% en 1991.

Cadro 7.- Recursos procedentes dos fondos estruturais recibidos polas Comunidades Autónomas

| Comunidades Autónomas | 1989 | 1990 | 1991 | 1992 | 1993 |
|-----------------------|-----------|-----------|------------|------------|------------|
| A Rioxa | 77,80 | 440,60 | 836,50 | 1.026,70 | 1.016,00 |
| Andalucía | 16.875,30 | 19.869,20 | 22.695,40 | 36.685,60 | 37.827,60 |
| Aragón | 882,30 | 2.198,10 | 3.730,20 | 6.272,30 | 7.626,80 |
| Asturias | 1.280,70 | 2.707,60 | 10.265,40 | 5.764,80 | 10.297,20 |
| Baleares | 347,00 | 231,20 | 1.030,40 | 975,40 | 2.490,80 |
| Canarias | 4.900,20 | 6.225,80 | 12.109,10 | 10.756,00 | 11.826,20 |
| Cantabria | 166,80 | 1.154,30 | 1.621,60 | 917,60 | 1.500,70 |
| Castela-A Mancha | 3.520,60 | 5.321,00 | 10.416,00 | 13.052,50 | 53.454,90 |
| Castela-León | 5.092,50 | 7.635,10 | 14.413,60 | 18.840,30 | 72.973,70 |
| Cataluña | 3.778,70 | 6.995,80 | 11.510,70 | 11.915,40 | 23.880,20 |
| Comunidade Valenciana | 3.721,20 | 5.800,40 | 11.559,80 | 10.595,80 | 13.411,40 |
| Estremadura | 4.111,80 | 5.740,10 | 12.940,40 | 8.772,40 | 16.208,70 |
| Galicia | 10.770,70 | 9.430,70 | 8.643,00 | 28.685,20 | 29.321,90 |
| Madrid | 811,80 | 4.289,00 | 4.869,00 | 4.174,00 | 5.878,10 |
| Murcia | 1.605,20 | 2.315,20 | 3.999,10 | 3.330,30 | 5.857,00 |
| Total | 57.942,60 | 80.354,10 | 130.640,20 | 161.764,30 | 293.571,20 |

Cadro 8.- Evolución da débeda autonómica (miles de millóns)

| Comunidades Autónomas | 1984 | 1985 | 1986 | 1987 | 1988 | 1989 | 1990 | 1991 | 1992 | 1993 | 1994 |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|------|
| A Rioxa | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 4 | 9 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| Andalucía | 9 | 13 | 32 | 31 | 39 | 83 | 191 | 282 | 427 | 534 | 622 |
| Aragón | 2 | 2 | 4 | 6 | 6 | 5 | 7 | 21 | 44 | 72 | 97 |
| Asturias | 6 | 6 | 8 | 8 | 7 | 13 | 17 | 32 | 46 | 49 | 57 |
| Baleares | 1 | 2 | 2 | 2 | 2 | 4 | 6 | 22 | 32 | 38 | 44 |
| Canarias | 4 | 13 | 23 | 21 | 25 | 27 | 29 | 47 | 60 | 91 | 109 |
| Cantabria | 4 | 5 | 6 | 11 | 13 | 27 | 39 | 46 | 43 | 43 | 39 |
| Castela-A Mancha | 2 | 2 | 3 | 3 | 4 | 11 | 13 | 16 | 38 | 47 | 69 |
| Castela-León | 2 | 4 | 7 | 7 | 7 | 7 | 17 | 34 | 56 | 73 | 108 |
| Cataluña | 48 | 98 | 141 | 159 | 164 | 196 | 212 | 290 | 405 | 533 | 730 |
| Comunidade Valenciana | 5 | 11 | 27 | 26 | 31 | 51 | 94 | 162 | 233 | 304 | 404 |
| Estremadura | ... | ... | 2 | 2 | 2 | 2 | 4 | 7 | 40 | 55 | 70 |
| Galicia | 3 | 9 | 10 | 10 | 9 | 15 | 48 | 127 | 182 | 234 | 288 |
| Madrid | 8 | 8 | 7 | 19 | 35 | 77 | 116 | 187 | 231 | 309 | 378 |
| Murcia | 4 | 3 | 9 | 15 | 19 | 33 | 43 | 60 | 74 | 81 | 88 |
| Navarra | 1 | 2 | 8 | 8 | 6 | 7 | 6 | 5 | 41 | 76 | 109 |
| País Vasco | 23 | 31 | 42 | 44 | 56 | 68 | 92 | 116 | 151 | 185 | 239 |

As causas do elevado endebedamento parecen se-las seguintes: 1) a utilización dos mecanismos de ilusión fiscal; 2) as insuficiencias do sistema de financiamento, sobre to-

do para facer fronte a novos investimentos. A introducción de maiores doses de corresponsabilidade fiscal contribuirá a unha política de endebedamento máis rigorosa.

Pouco máis se pode dicir en ausencia dunha presentación explícita do acordo de financiamento autonómico. En calquera caso, é de desexar un consenso o máis amplo posible para dota-lo sistema dunha razoable estabilidade.

BIBLIOGRAFÍA

- ALCALÁ, F. (1995): *La financiación de las Comunidades Autónomas. Un análisis desde la perspectiva de la región de Murcia*. Murcia: Consejería de Hacienda y Administración Pública.
- CARAMÉS, L. (1996): "Le Système de Péréquation Espagnol", en G. Gilbert [ed.]: *La Péréquation Financière entre les Collectivités Locales*, pp. 115-125. París: Presses Universitaires de France.

